



## Leader

Leader, é unha iniciativa Europea que aplica as Políticas de Desenvolvemento Rural da Unión Europea e que contribúe a que as zonas rurais poidan facer fronte aos retos económicos, ambientais e sociais do século XXI. GDR 7 Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Valdeorras.

## GDR7

A Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Valdeorras é o encargado da aplicación da Estratexia de Desenvolvemento Local na medida Leader Galicia 2014-2020, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014- 2020.

## Territorio

O territorio do GDR 7 esténdese por nove concellos. A densidade de poboación do territorio de GDR Valdeorras é lixeiramente superior ao da provincia, aínda que manifesta desigualdades internas moi agudas, oscilando entre os 160,85 hab./km<sup>2</sup> do Barco aos 3,26 hab./km<sup>2</sup> de Petín, un territorio disperso e desigual nas súas tendencias demográficas básicas.



## Asociación GDR VALDEORRAS

Praza Ramón Otero Pedraio, 11 - Casa Grande de Viloira  
Viloira 32315 (O Barco de Valdeorras)

Teléfono: 690 19 72 78  
[www.gdr7valdeorras.gal](http://www.gdr7valdeorras.gal)  
[gdr7valdeorras@gmail.com](mailto:gdr7valdeorras@gmail.com)



**Asociación  
GDR VALDEORRAS**



**Leader 2014-2020**

**GDR7**

## TITULARES DE PROXECTOS

a) Pessoas físicas que sexan empresarios individuais ou vaian selo a través do proxecto presentado. Neste último caso, deberán acreditar a súa alta no epígrafe correspondente con anterioridade á data establecida no contrato para a finalización dos investimentos.

b) Sociedades Mercantís, Sociedades Agrarias de Transformación, Cooperativas, Sociedades Laborais, Fundacións e Asociacións así como calquera outra entidade, asociativa ou societaria, con personalidade xurídica.

c) Comunidades de bens ou outras entidades de tipo comunal, que áinda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os investimentos ou actividades que motivan a concesión da subvención. Nestes casos, os comuneiros nomearán un representante ou apoderado único e, en documento que se incorporará ao expediente, manifestarán as súas respectivas participacións na cousa común e asumirán a súa responsabilidade solidaria nas obrigacións derivadas do expediente.

d) Consideraranse promotores privados as entidades de derecho público de base asociativa privada, como as comunidades de regadouros ou os consellos reguladores das indicacións de calidade.

e) Así mesmo, poderán solicitar estas axudas as entidades públicas de carácter local.

## PORCENTAXES SUBVENCIÓN SUBMEDIDA 19.2

### PROXECTOS PRODUTIVOS

En iniciativas produtivas, deberán conseguir unha puntuación mínima de 20 puntos no baremo, a porcentaxe de subvención mínimo será do 35 % e o máximo do 50 %.

### PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Os proxectos deberán conseguir unha puntuación mínima de 20 puntos no baremo.

Nas iniciativas de carácter non produtivo a porcentaxe de subvención aplicarase considerando tres prioridades:

Proxectos de prioridade alta:

Máximo de axuda de 90 % - Mínimo de axuda de 70 %

Proxectos de prioridade media:

Máximo de axuda de 70 % - Mínimo de axuda de 50 %

Proxectos de prioridade baixa:

Máximo de axuda de 50 % - Mínimo de axuda de 30 %

Como norma xeral a porcentaxe de axuda máxima ascenderá ata a 100 % titularidade pública, 90 % titularidade privada.

### LÍMITES ESPECIAIS

Os proxectos de elaboración de estudos, celebración de eventos, certames ou feiras, edición de libros ou guías e páxinas web terán un máximo de axuda de 10 000 € por proxecto.

Os proxectos do sector da producción agraria primaria que consistan en pequenos investimentos serán subvencionables cos requisitos que estableza o Régime de Axudas do Leader 2014-2020. En todo caso, para este tipo de proxectos, o total da renda da unidade familiar, no momento da solicitude de axuda, non poderá ser inferior ao salario mínimo interprofesional vixente. Por outra banda, o resultado final da previsión económica, xuntando a actividade principal non agraria e a renda agraria derivada do proxecto, non poderá superar o quíntuplo do valor do citado salario mínimo interprofesional.

Nos investimentos en centros sociais, a contía máxima de axuda por cada proxecto que supoña un investimento en creación, reforma ou ampliación dun local social non poderá exceder os 50 000 € por proxecto.

Os proxectos de natureza non produtiva estarán limitados a unha axuda máxima de 200.000 € por proxecto.

Aqueles proxectos que non deban ampararse no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas de minimis poderán alcanzar os 250.000 € no caso de que a Agader autoríceo expresamente.

## TRAMITACIÓN EXPEDIENTES

A tramitación dun expediente pasa pola execución completa das seguintes fases:

- ⇒ A solicitude da Axuda.
- ⇒ Trámites inmediatos á presentación da solicitude oficial de axuda.
- ⇒ Acta de non inicio.
- ⇒ O Informe Técnico Económico (ICE) e Informe Técnico de Viabilidade (ITV).
- ⇒ Criterios de selección e valoración. Baremo.
- ⇒ Solicitud de SUBVENCIONALIDAD a AGADER.
- ⇒ Priorización de proxectos.
- ⇒ Proposta de resolución.
- ⇒ Resolución e comunicación da axuda.
- ⇒ Seguimento dos proxectos.
- ⇒ A solicitude de certificación da actuación. Resolución de pagos.
- ⇒ O pago da axuda.
- ⇒ Seguimento quinquenal.

**GDR7**